

3

A CIDADE MEDIEVAL



A cidade de Verona (Italia) na Idade Media

Entre os séculos XII e XIV iniciouse en Europa un crecemento económico que favoreceu o renacer das cidades.

As cidades convertéronse en importantes centros de produción artesanal e de intercambio de produtos. Enchéronse de palacios, catedrais e mercados, e protexéronse con murallas.

Nas cidades xurdiu a burguesía, formada por comerciantes, artesáns e banqueiros.

(O CRECIMENTO ECONÓMICO, FORON GRANDES CENTROS ARTESANIS E COMERCIAIS).

1 Cando se produciu en Europa o renacemento das cidades? Que o favoreceu?

ENTRE OS SÉCULOS XII e XIV (PLENA IDADE MEDIA: S. XI-XIII)

2 Que novo grupo social xurdiu? Quen o formaban?

→ A BURGUESIA
→ Comerciantes, artesáns e banqueiros!

3 Observa a imaxe da dereita e responde a estas preguntas:

– Que actividade representa?

ACTIVIDADE COMERCIAL

– Que personaxes aparecen nesta pintura?

ARTESÁNS, COMERCIANTES

– A que grupo social pensas que pertencen? Por que?

BURGUESÍA, POIS VESTIMENTAS LUXOSAS E POIS PRODUTOS DAS SALAS DO CAMA.



Comerciantes medievais.

- A finais do século XI, as grandes invasións cesaron e as guerras diminuíron. A maior tranquilidade permitiu mellorar as técnicas e instrumentos agrícolas (fertilizante, rotación trienal, arado, muíño).
- Estas **innovacións técnicas** produciron un aumento da produtividade agrícola e tamén da poboación, que puido alimentarse mellor e así resistir as enfermidades.
- O **incremento da agricultura** estimulou o comercio, xa que os agricultores producían máis do que consumían, e podían vender o que lles sobra (excedente).
- As cidades medraron grazas ao comercio. Algunhas que xa existían recuperáronse. Outras xurdiron arredor de mosteiros e castelos: eran os **burgos**, por iso aos seus habituais chamóuselles **burgueses**.

1 Fíxate nas ilustracións das rotacións bienal e trienal e completa as actividades:

- Pinta de cor marrón escura a zona de barbeito e de cor amarela a zona sementada.
- Explica que había que facer cada ano en cada parcela segundo o tipo de rotación:


Rotación bienal:

Rotación trienal:

- Cal das dúas rotacións era máis produtiva? Por que?



2 Que consecuencias tiveron as innovacións técnicas na agricultura?



3 Observa o debuxo do muíño de vento e le como se moía o gran. Despois fíxate no debuxo do interior dun muíño de auga e explica cada paso:

- 1 3
- 2 4

4 Fíxate na táboa e responde:

- En que territorio aumentou máis a poboación entre os anos 1000 e 1300?

INGLATERRA

- Cales foron as causas do aumento de poboación que se observa no século XIV?

1. AUMENTO PRODUTIVIDADE AGRÍCOLA → COMERCIO
2. MILLAR ALIMENTACIÓN.

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN *			
Territorio	500	1000	1300
Francia	5	6	15
Inglaterra	0,3	1,2	4
Imperio romano xermánico	3	4	10

*en millóns de habitantes

1.- Fíxate m as ilustracións das rotación bienal e trienal e completa as actividades:

(*) TANTO A ROTACIÓN BIENAL COMA TRIENAL SON TÉCNICAS AGRÍCOLAS)

..a..pinta de cor marrón escura a zona de barbeito e de cor amarela a zona sementada

..b..explica que había que facer cada ano en cada parcela segundo o tipo de rotación :

..1..ROTACIÓN BIENAL : TÉCNICA AGRÍCOLA CONSISTENTE EN QUE o campo a cultivar divídese en dúas folla ou zonas e no 1º ano cultívase unha folla e a outra deixa-se descansar (BARBEITO);ao ano seguinte (2º ano)intercambianse os usos e onde estaba a barbeito cultivase e onde había cultivo pois deixa-se descansar OU BARBEITO

..2..ROTACIÓN TRIENAL :TÉCNICA AGRÍCOLA consistente en que :

..no 1º ano divídese o campo en tres follas ,unha delas con avea ,outra con trigo e a última deixa-se descansar ou en barbeito,

..no 2º ano rótese esta selección no sentido contrario ao das agulhas do relaxo e, onde había avea deixa-se a barbeito ,,onde había trigo pois agora cultívase avea e o que estaba barbeito pois adícase ao cultivo de avea

..no 3º ano pois continua esta rotación e, a folla adiçada a barbeito adícase a trigo , ,a de avea pasa a barbeito ,e a de trigo pasa a avea .

..c..Cal das dúas rotación era mais productiva?. Por qué?

..era a ROTACIÓN TRIENAL pois había dúas rotación de cereais (trigo un ano e avea o 2º ano,logo no 3º ano quedaba a barbeito ou descanso ,así daba tempo a recuperarse a terra para seguir producindo .

2.- Qué consecuencias TIVERON as INNOVACIÓS TÉCNICAS na agricultura?

..pois a 1º consecuencia foi un aumento da produción agrícola ,así o campesiñado podía comerciar os excedentes agrícolas(producción que quedaba unha vez cubertas as necesidades do campesiñado)

..a 2ª consecuencia é un aumento do comercio ,ésto repercute en que a poboación está millor alimentada para soportar enfermidades

..a 3ª consecuencia é que hai un aumento da poboación

..a consecuencia final é que hai unha expansión e CRECEMENTO das cidades medievais ,en xeral unha gran etapa de CRECEMENTO económico

3.- Explica como se move un muiño de auga :

..1..a auga move a roda

..3..o muiñeira bota o gran no depósito

..2.. roda transmite o movemento ao engranaxe

..4..o engranaxe das rodas move a pedra de moer e moense os granos de trigo convertendo en fariña

2 As cidades medievais


- As cidades na Idade Media estaban protexidas por **murallas** que se ampliaban cando a cidade medraba.
- No centro da cidade adoitaba haber unha **praza** cos edificios máis importantes: a catedral, o casa do concello, o mercado e palacios. Ao redor do centro había hospitais, escolas, hospedarias, igrexas...
- As **casas**, que ocupaban a mirande parte da cidade, estaban recargadas e adoitaban contar con patios e hortas. Agrupábanse formando **barrios**, segundo a relixión (xudáica, moraria), a actividade artesanal (por gremios) ou a procedencia.
- As **rúas** presentaban un trazado irregular. Eran estreitas, sucias e non tiñan nin beirarrúas nin rede de sumidoiros, polo que as enfermidades se estendían rapidamente.

1 Que construcións eran importantes nunha cidade medieval?

CATEDRAL, PRAZA,
CONCELLO, OBRA-
DOIROIS ARTESANOS

2 Completa o debuxo coas palabras que correspondan:

- catedral
- praza
- Casa do concello
- igrexa
- muralla
- obradoiros artesanais
- mosteiro



3 O desenvolvemento económico da cidade

- As cidades medievais convertéronse en **centros de produción** de obxectos elaborados. Os artesáns dun mesmo oficio agrupábanse en rúas que recibían o nome da súa actividade (curtidores, tecedores...).
- O traballo dos artesáns realizábase en pequenos **obradoiros**. O seu propietario era o mestre artesán, que vivía nunha casa que era á súa vez o seu taller ou obradoiro.
- Os artesáns de cada oficio organizábanse en **gremios** formados por: **aprendices, artesáns e mestres**. O gremio ocupábase do cumprimento das normas (horarios, ferramentas), calidade e prezo dos artigos.
- Nos **mercados** das cidades intercambiábanse os produtos agrícolas polos produtos elaborados. Nas cidades organizábanse, así mesmo, **feiras** ou mercados de grandes dimensións.
- O **comercio marítimo** adquiriu grande importancia. Unha primeira ruta foi a do **Mediterráneo**: Venecia, Xénova, Marsella e Barcelona comerciaban cos portos de Oriente Próximo e o Imperio bizantino.
- A segunda ruta foi a do **Atlántico** e o **Báltico**. As cidades cunha actividade comercial máis importante foron as dos Países Baixos (Bruxes e Gante).

1 Observa o mapa e realiza as seguintes actividades:

- Repasa, coa cor que indica a lenda, as principais rutas do comercio terrestre.
- Realiza o mesmo exercicio coas rutas marítimas.
- Completa o texto coas palabras que faltan:

Nas cidades celebráronse grandes mercados e tamén

FEIRAS

Alguns portos importantes do mar Mediterráneo eran

VENECIA, XÉNOVA, MARSELLA e BARCELONA

Desde eles comerciábase cos portos de

Nos Países Baixos atópanse as cidades de


BRUXES e GANTE fundamentais no comercio do océano Atlántico e o mar Báltico.

O COMERCIO EUROPEO ENTRE OS SÉCULOS XIII E XV



2 Observa o debuxo e completa os recadros en branco con estas palabras:

- cocíña • faiado-despensa • tenda • obradoiro • dormitorio • símbolo do produto



– Cal é o oficio do artesán deste obradoiro?

TONELEIRO

– Pensa nun oficio da Idade Media que coñezas e despois debuxa e coloreia, no recadro, un símbolo para poñer na tenda do obradoiro.

– Escribe, a continuación, o nome do oficio que elixiches:

PANADEIRO

PAN



4 A sociedade urbana

- O crecemento das cidades transformou a sociedade feudal. Reis, nobres e eclesiásticos concedéronlles aos seus súbditos maior liberdade persoal e algúns dereitos.
- Así se formou un novo grupo social non privilexiado: a **burguesía**. Os burgueses dedicábanse á artesanía e ao comercio, e non dependían de ningún señor feudal.
- Diferenciábase, segundo a súa riqueza, en **alta burguesía** (grandes comerciantes e banqueiros) e **pequena burguesía** (mestres artesáns e pequenos comerciantes).
- Ademais da burguesía, nas cidades vivían nobres, eclesiásticos e outros grupos máis humildes (oficiais e aprendices dos gremios, criados, mendigos...).
- Tamén había algunhas minorías, como os **xudeus**, moitos deles médicos, prestamistas ou artesáns, que vivían en barrios separados (alxamas ou xudarías).
- Para velar polas finanzas, a orde e a xustiza, nas cidades elixíase a **maxistrados**, dirixidos polo **alcalde**. Co tempo, o goberno das cidades quedou en mans das familias máis ricas, que constituíron un grupo privilexiado: o **patriciado urbano**.
- Durante o século XII, a mellora económica e a auxa da vida urbana favoreceron o desenvolvemento das **escolas** e, máis adiante, a creación das **universidades**.



Unha familia de banqueiros.



Clase na universidade da Sorbona, en París.

- 1 Define ou explica os seguintes conceptos:


Alta burguesía:

Pequena burguesía:

Alcalde:

Patriciado urbano:

- 2 Observa o debuxo dun palacio da burguesía veneciana e escribe nos recadros a función que cres que tiña cada unha desas dependencias:



- Describe agora como era unha vivenda burguesa:


.....

.....

.....

.....

- Debuxa e colorea un elemento da ilustración que che gustase:



1.-Define ou explica os seguintes conceptos :

..a..ALTA BURGUESÍA : formado polo grupo social pertencente ao ESTAMENTO DOS NON PRIVILEXIADOS formado polos GRANDES CPOMERCIANTES E BANQUEIROS

..b..PEQUEÑA BURGUESÍA : formado polo GRUPO SOCIAL pertencente ao ESTAMENTO DOS NON PRIVILEXIADOS do cal forman parte mestres artesanais e pequenos comerciantes

..c..ALCALDE : gobernaba a cidade ,controlaba aos MAXISTRADOS (finanzas,orde e xustiza)

..d..PATRICIADO URBANO : familias ricas que controlaban o goberno das cidades

2.-Observa o debuxo dun PALACIO VENECIANO e escribe nos recuadros a función de cada dependencia:

1..SALON DE RECEPCIÓN: ..sala onde o dono ou a familia recibe ás visitas privadas e importantes (acoller visitas de dente importante da co idade coma maxistrados, ao alcalde ,HOMES de negocios coma banqueiros ,etc)

2..DORMITORIO:..sala para descanso da familia ou dono da casa

3..DESPACHO:..estancia destinada ao traballo da principal actividade económica do dono da casa, normalmente é un lugar para desempeñar actividades coma contabilidade,facer pedidos ,pactar tratos etc

4..ALMACÉN:..lugar para almacenar todo tipo de mercaderías e para servizo da casa e para o negocio da mesma

DESCRIBE ÁGORA COMO ERA UNHA VIVENDA BURGUESA :

..era un gran edificio dividido en 3 plantas ou pisos :

..a actividade económica ubícase na PLANTA BAIXA ,onde temos a entrada privada da casa que dá ao canal e outra entrada ou embarcadero que conecta directamente co ALMACÉN e está nun lateral do edificio

..as ESTANCIAS PRIVADAS están no 1º ,2º e 3º ANDAR : sala de recepción,dormitorio,sala privada etc

..NA PARTE SUPERIOR TEMOS un faiado con dormitorios ,lugar onde Estarían as estancias destinadas ao servizo

5 A crise da Baixa Idade Media (século XIV e XV)

- A comezos do século XIV produciuse en Europa unha forte **crise da agricultura**.
- Esta crise foi debida a unha sucesión de **malas colleitas**, ocasionadas polo clima desfavorable e o cultivo de terras de mala calidade.
- Coa crise, a produción de trigo diminuíu e a fame espallouse por todo o continente. Ademais, as guerras entre señores feudais provocaron frecuentes saqueos.
- A mediados do século XIV (1347), a epidemia da **Peste Negra** afectou a toda Europa e provocou numerosas mortes.
- Coa falta de alimentos, a suba dos prezos e o empeoramento das condicións de vida tanto no campo coma na cidade, aumentaron os problemas e as tensións sociais.
- Debido a esta situación, espalláronse por toda Europa numerosas **revoltas**, tanto de camponeses coma das clases populares urbanas. Estas revoltas foron duramente reprimidas pola nobreza, a alta burguesía e o rei.



Pintura que reflicte a dura represión das revoltas.


A PESTE NEGRA EN EUROPA



- 1 Explica que consecuencias tivo a crise da Baixa Idade Media:

- 2 Observa este gráfico e realiza as seguintes actividades:

- Pinta de cor vermella a liña que che indica o número de habitantes en Inglaterra.
- En que ano, aproximadamente, houbo máis poboación?
- Cando comezou a descender a poboación? Por que?



- 3 Observa o mapa da expansión da Peste Negra da páxina anterior e realiza os seguintes exercicios:



- Pinta cada un dos territorios do mapa segundo a lenda.
- Repasa, utilizando a cor verde, as frechas que indican por onde se estendeu a peste.

1.-EXPLICA QUÉ CONSECUENCIAS TIVO A CRISE DA IDADE MEDIA :

..EN 1º LUGAR HOUBO un descenso da poboación pola mortalidade da peste negra ,a mala alimentación polas malas colheitas etc

..EN 2º LUGAR HOUBO unha presión fiscal (subida dos impostos) nos feudos (subida dos impostos ao campesiñado) E NAS CIDADES (subida dos impostos ao artesanado ,comerciantes etc)

..EN 3º LUGAR esto deu lugar a unha serie de revoltas tanto no campo (REVOLTA DOS IRMANDIÑOS EN GALÍCIA) e A REVOLTA NAS CIDADES CONTRA OS GOBERNANTES DOS ARTESANAS,COMERCiantes ETC (REVOLTA DA BIGA BUSCA EN CATALUÑA)

.

6 A arte gótica

- A partir do século XII construíronse edificios máis altos e máis luminosos que orixinaron un novo estilo artístico: o **Gótico**.
- Nas cidades construíronse numerosos edificios neste estilo: **palacios, concellos e, sobre todo, catedrais**.
- A **arquitectura gótica** utilizou nos seus edificios o **arco apuntado** ou **oxival**, a **bóveda de cruzaría**, **grandes ventás con vidreiras de cores**, e **arcobotantes e contrafortes** para reforzar os muros.
- A **escultura gótica** servía para decorar os exteriores e interiores das igrexas e catedrais. Era máis **realista** que a escultura románica e as figuras adoitan representarse formando **escenas**.
- A **pintura gótica** foi, sobre todo, **relixiosa**. As **escenas** teñen **profundidade** e os personaxes reflicten os seus sentimentos. Tanto as figuras como os edificios e as paisaxes adoitan pintarse de forma moi detallada.



Fachada da catedral de Notre-Dame de París (Francia).



Virxe Branca da catedral de León.



Estatuas do pórtico da catedral de Reims (Francia).

1 Como e cando xurdiu o Gótico?

S. XII, nas cidades polo auge económico, moitos edificios (concello, palacios etc)

2 Completa este texto coas palabras do círculo:


A escultura **GÓTICA** era máis realista que a románica.

As figuras, polo xeral, adoitan formar **ESCENAS**.

Os personaxes das pinturas reflicten os seus **SENTIMENTOS**.

sentimentos
gótica
escenas

3 Observa o debuxo da catedral gótica e as fotos que están ao seu arredor. Une cunha liña as fotos co seu nome e co lugar da catedral onde se atopan:



4 Fíxate na pintura e escribe estas características onde corresponda:

1. Cristo crucificado.
2. Representase a profundidade.
3. Escenas, non persoas illadas.
4. Reflicten os sentimentos.

